



## Concello de Portomarín

### **BASES DE PARTICIPACIÓN**

#### **CAMPAMENTO “XUNTOS NO NADAL”- PORTOMARIN CONCILIA**

##### **1.- OBXECTO**

As presentes bases teñen por obxecto regular o funcionamento e procedemento de admisión ao subprograma “Campamento Xuntos no Nadal” dentro do programa “Portomarín-Concilia 2021-2022”. O concello de Portomarín a través da súa posta en marcha pon a disposición das familias un servizo dirixido aos rapaces e rapazas durante as vacacións de Nadal, no que poidan desfrutar dun momento de ocio, aprendizaxe de carácter lúdico; así como favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar das familias de Portomarín.

##### **2.-METODOLOXÍA**

A metodoloxía a empregar será a baseada na realización de talleres de diversas temáticas e actividades tales como: manualidades, gymkhanas, deportes, teatro, baile, música, natureza, cociña tomando como base a temática principal do Nadal.

Cabe sinalar, que esta metodoloxía se adaptará en todo momento ás necesidades e idades dos nenos/as; permitindo así desenvolver actividades contextualizadas que favorezan o seu desenvolvemento potencial.

##### **3.- DESTINATARIOS/AS E REQUISITOS**

O servizo está dirixido a rapaces e rapazas entre os 3 e 12 anos de idade; empadroados na vila de Portomarín. Os/as participantes que non cumpran ditos requisitos non poderán participar no programa.

##### **4.- PRAZAS OFERTADAS**

As prazas ofertadas quedarán condicionadas as disposicións aplicables que a administración autonómica e estatal dispoñan en relación ao COVID-19. Para que se leve a cabo o servizo deberán de existir un número de solicitudes de 10 alumnos/as. O número máximo de prazas ofertadas é de 45.





### 5.- HORARIO E CALENDARIO

O servizo seguirá o calendario das vacacións de Nadal do calendario escolar, correspondentes aos días non lectivos. O horario estará comprendido entre as 10:00 e as 14:00h de luns a venres; excluídos días festivos.

Cabe sinalar, que o calendario, horario, así como a tipoloxía de actividades poderá ser modificada en función das necesidades que se detecten ou polas condicións da covid-19 o longo do seu período de execución.

### 6.- FUNCIONAMENTO

O servizo será dirixido e coordinado pola empresa adxudicataria do servizo. Esta desenvolverá e dirixirá o servizo durante o tempo das actividades.

- Estableceranse grupos burbulla en función do nº de participantes co fin previr calquera risco ante a situación covid actual. Ditos grupos así como as medidas que se levarán a cabo quedarán establecidas dentro do plan de continxencia covid-19 que se realizará unha vez rematado o prazo de solicitudes.
- No caso de que o comportamento dun alumno/a afecte ao normal funcionamento da actividade procederase a avisar á familia, e de persistir, a dar de baixa ao alumno/a.
- Os rapaces/as poderán levar a merenda da súa casa; sempre e cando se trate de alimento saudables.
- Para poder ser beneficiario/a do servizo, o/a neno/a non poderá faltar, sen xustificar, a máis de tres días. De ser así darase de baixa ao neno/a no servizo. Así mesmo, a falta de puntualidade na recollida dos participantes/as poderá supoñer a perda do dereito a actividade.
- Os/as participantes deberán acudir ó servizo respectando en todo momento os horarios de entrada habilitados para cada grupo de participantes e a zona habilitada de entrada ao recinto.





## Concello de Portomarín

- Durante o tempo de participación no servizo manterase a distancia de seguridade entre participantes e será de **uso obrigado a máscara**, todos os participantes terán a libre disposición de xel sanitizante. O concello de Portomarín elaborará **un protocolo covid-19** do servizo nas instalacións do pavillón municipal que será posto a disposición das familias na páxina web municipal.
- Os participantes estarán sempre acompañados do persoal cualificado que desempeñará o posto. **Non se permitirá o acceso ás instalacións onde se realice o servizo**, de ninguén máis que os/as participantes, os monitores ou responsables e coordinadores das actividades ou instalacións.
- O concello de Portomarín conta cun **seguro de responsabilidade civil** en caso de lesión ou accidente. O Concello proporcionará a súa aseguradora un listado de todos os/as alumnos/as participantes/as no servizo.
- O servizo é de carácter gratuito, no obstante as familias deberán de cumprimentar o anexo III sobre “*declaración de ingresos con respecto ao IPREM 2020*”, co obxecto de realizar un estudo económico sobre a viabilidade e estabilidade do servizo para os vindeiros anos tendo en conta a capacidade económica das familias de Portomarín; así como que dita administración local poida participar en subvencións de carácter público promovidas pola administración autonómica e estatal en fomento de actividades que promovan a conciliación da vida laboral, persoal e familiar que requiran desta tipoloxía de datos para o seu acceso.

### 7.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a selección dos participantes/as ao servizo, seguirase a orde de preferencia que se indica a continuación:

- 1º. Participantes/as que a súa unidade de convivencia estea formada por unha familia monoparental ou familia numerosa.
- 2º. Participantes/as cuxos proxenitores teñan o seu centro de traballo fóra da localidade de Portomarín, e a súa xornada laboral estea comprendida no intervalo horario de realización do campamento.





## Concello de Portomarín

3º. Participantes/as cuxos proxenitores teñan o seu centro de traballo na localidade de Portomarín, e a súa xornada laboral estea comprendida no intervalo horario de realización do campamento.

4º. Aquelas familias que non se encontren nos supostos anteriores, o criterio de adxudicación de praza establecerase conforme ao nº de orde de rexistro de entrada da solicitude.

### 8.- PROCEDEMENTO-SOLICITUDES

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do concello de Portomarín <http://www.concellodeportomarin.es/> e na oficina de rexistro do concello. Todas as persoas solicitantes, ao momento de presentar a súa solicitude estarán aceptando as presentes bases.

As solicitudes serán cursadas polos dous proxenitores ou titores legais dos alumnos e alumnas no modelo facilitado polo concello de Portomarín (ANEXO I) o prazo de solicitudes estará comprendido entre o día 13/12/2021-17/12/2021; ámbolos dous incluídos.

**A presentación de solicitudes e demais documentación poderá presentarse a través da:**

- Sede electrónica municipal <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0>
- Rexistros administrativos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Dirección de email [serviciosociais@concellodeportomarin.es](mailto:serviciosociais@concellodeportomarin.es) indicando no asunto nome e apelidos do alumno/a e actividade que solicita.

**As solicitudes deberán ir acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:**

- Copia orixinais do DNI dos dous proxenitores ou titores legais; e de ser o caso do alumno/a.
- Copia orixinais do libro de familia.





## Concello de Portomarín

- Declaración xurada (ANEXO II) onde garantiren que durante os 14 días previos ó inicio da actividade o menor non sufriu tos, febre, cansanzo ou falta de aire e que non estivo en contacto con ninguén que sufrirá esta sintomatoloxía e que se compromete a comunicar calquera síntoma ou contacto directo con persoas que teñan síntomas compatibles coa COVID-19.
- Declaración de ingresos da unidade familiar en relación ao IPREM 2020 (ANEXO III) de ambos proxenitores.
- Naqueles casos que as familias se encontren nos supostos establecidos para adxudicación das prazas, deberán de presentar documento probatorio que xustifique a súa situación.

**No caso de que a documentación requirida fose presentada con anterioridade nesta administración e dentro do mesmo ano natural, non será necesaria a súa presentación. Aquelas persoas solicitantes que presentasen a declaración da renda 2020 con anterioridade a esta solicitude, non terán que presentar o anexo III.**

A presente administración resérvase o dereito a poder solicitar calquera outra documentación complementaria ou adicional á requirida; en calquera momento dentro do período de execución do servizo previa comunicación ás familias.

### 9.- PUBLICACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e revisadas todas as presentadas, publicarase na páxina web municipal <http://www.concellodeportomarin.es/> e na sede electrónica <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0> a relación de persoas admitidas e excluídas. Os/as solicitantes disporán dun prazo de dous días naturais para a subsanación de calquera erro.

### 10.- MODIFICACIÓNS, SUSPENSIÓN OU CANCELACIÓN DO SERVIZO.

O correcto funcionamento deste servizo estará condicionado á actual situación sanitaria, podendo sufrir modificacións, suspensión de servizos ou a total cancelación do programa segundo sexa necesario para garantir a seguridade e saúde dos/das participantes, así como dos/as monitores, traballadores e as súas familias. Tamén será





## Concello de Portomarín

---

motivo de suspensión ou cancelación se non se alcanza o número mínimo de dez participantes/as.

Calquera modificación, suspensión ou cancelación do programa será notificado ás familias participantes.

### **Asinado electrónicamente á marxe do documento**

**O Sr. Alcalde – Presidente**

**Pablo Rivas Folgueira**

